



**C**on gran variación escriben a letra inicial do nome desta parroquia pois moitos usan de B., e outros infinitos de V., e isto tanto en M. SS. como nos impresos, pero o M. florez pon a V., polo que tamén nós a pomos. Ka vimos enriba no tratado de Baiña como o Emperador Dn. Alonso 7º deu Vesesar ao Mosteiro de Oia no ano de 1140. Venera por Patrón tutelar a San Lourenzo Dácono e Mártir español (046), de quen celebran a súa festa o 10 de Agosto. Habitana 166 veciños, que pertencen polo contencioso ao Xuíz de Baiona, e polo político e gobernativo ao Procurador xeral do Val de Miñor. Valen os seus décimos 23.600 reais, dos que leva o Párroco a cuarta parte, e o Cabido da Colexiata de Baiona as outras tres cuartas restantes: aquel ten casa reitoral e igrexario de 7 1/2 ferrados de pan en semente. A fábrica da Igrexa percebe de renda anual 4 ferrados de miúdo, 11 de millo e 4 reais. O presente Beneficio é de presentación leiga do motivado Cabido Colexial en calquera tempo que vague. En Novembro de 1482 o Sor. Bispo Dn. frei Diego de Muros uniu e anexou para sempre esta parroquia a unha das Abadías de Baiona cando erixiu aquela Igrexa en Colexiata; pero despois co tempo volveuse desmembrar dela, aínda que ignoramos cando. Dista da Capital 3 leguas. (ÁVILA Y LA CUEVA, 496-497).





## Igrexa parroquial

A parroquia foi doada por Alfonso VII no ano 1140 ao mosteiro de Oia.

O bispo Frei Diego de Muros no ano 1482 uniuna a unha das abadías de Baiona, ao erixir en Colexiata aquela.

O templo é moi sinxelo. Paredes lisas, sen ningún adorno. O teito en madeira, sostido por tres arcos de pedra.

A **fachada principal (048)** ten dúas pilastras extremas con figurado de base e capiteis. Rematan en pináculos moi estilizados.

A porta é alintelada e recercada. E mesmo enriba dela hai unha fornela coa imaxe en pedra do patrón, S. Lourenzo.

Séguelle unha ventá tamén recercada, e con derrame exterior.

Remátase cunha espadana para dúas campás, que se coroa con outro corpo de un oco, ornamentado con pináculos e cruz pétrea de remate.

Son de destacar as imaxes da **Virxe do Rosario (047)** e a de **S. Xosé (049)**. Tamén a colección de **petos (050/051)**.

### FESTAS E ROMAXES DE BELESAR

- San Lourenzo: 10 de Agosto.
- Virxe do Rosario: 7 de Outubro.

